

PROXECTO DE DECRETO /2018, XX DE XXX, POLO QUE SE APROBA O PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O artigo 149.1.23 da Constitución española atribúe competencia exclusiva ao Estado para aprobar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, o seu artigo 148.1.9 dispón que as comunidades autónomas poderán asumir competencias na xestión en materia de protección do medio ambiente.

De conformidade có disposto na Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma, no seu artigo 27.30, a competencia para aprobar normas adicionais sobre a protección do medio ambiente nos termos establecidos no referido artigo 149.1.23.

A actual lexislación estatal en materia de protección do medio ambiente, que establece o réxime xurídico básico de súa conservación, uso sostible, mellora e restauración, é a Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade. O seu artigo 31 define aos Parques como áreas naturais que, en razón á beleza dos seus paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Igualmente dispón que os Parques Nacionais réxense por a súa lexislación específica.

Na Comunidade Autónoma de Galicia aprobouse a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, que ten entre os seus obxectivos a protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre. Nesta lei tamén aparece a figura de parque nacional entre as categorías de espazos naturais protexidos.

Mediante a Lei 15/2002, de 1 de xullo, declarouse o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, creando o primeiro Parque Nacional de Galicia, integrando o espazo mariño e terrestre dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia dispón dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) para os espazos dos arquipélagos das Illas Cíes, Ons e Sálvora, que foi aprobado mediante Decreto 274/1999, de 21 de outubro. Posteriormente integrouse a Illa de Cortegada e o seu espazo marítimo adxacente,

aprobándose o Decreto 88/2002, de 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural (PORN) da Illa de Cortegada e o seu contorno.

Ambos PORN recollen no seu articulado a necesidade de que un Plan Reitor de Uso e Xestión os desenvolva, a través do establecemento de medidas de regulación específicas das diversas actividades, concreción das medidas de conservación dos compoñentes claves da biodiversidade, precisar os criterios da zonificación, así como a propia xestión e uso do territorio.

A Lei 30/2014, de 3 de decembro, de Parques Nacionais desenvolve e actualiza o réxime de protección dos Parques Nacionais no territorio español. A Lei outorga ao Plan Director da Rede de Parques Nacionais, aprobado por Real Decreto 389/2016, de 22 de outubro, alcance básico e carácter de máximo instrumento de planificación.

Pola súa parte o artigo 31 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, enumera os distintos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e establece que nos parques a xestión levarase a cabo mediante plans reitores de uso e xestión (PRUX). Igualmente o artigo 20 da Lei 30/2014, de 3 de decembro, de Parques Nacionais, regula os PRUX como instrumentos de planificación ordinaria dos parques nacionais, establecendo o seu contido mínimo.

En canto ao procedemento de elaboración de este decreto, documento de inicio do PRUX, por medio do anuncio de 17 de novembro de 2017, foi sometido á participación do público conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso ao medio ambiente.

Conforme ao establecido no artigo 42 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, mediante o que regula o trámite de audiencia e información pública, e os artigos 20 da Lei 30/2014, de 3 de decembro, de Parques Nacionais e 35 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, previo á aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión, o día XXX de XX de 2018 publicase no Diario Oficial de Galicia núm. XX o Anuncio de XXX de XXX de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural polo que se acorda someter ao procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Con posterioridade ao trámite de información pública solicitáronse os informes sectoriais preceptivos nos termos establecidos nos artigos 41 e seguintes da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Igualmente incorporáronse ao expediente os informes emitidos polo Consello da Rede de Parques, polo Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e polo Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Polo exposto, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, a proposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia, en súa reunión de XX de XX de dous mil dezaioito,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación*

1. Aprobase o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
2. O anexo I deste decreto recolle o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, cos contidos establecidos no artigo 20 da Lei 30/2014, de 3 de decembro, de Parques Nacionais.
3. A consellería con competencias en materia de conservación da natureza deberá garantir o acceso permanente na súa web á información contida no plan, incluída a cartografía, e manter actualizada dicha información cando se produzan modificacións ou revisións.

Artigo 2. *Réxime de infraccións e sancións*

O réxime sancionador aplicable será o recollido na Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, no título VI das infraccións e sancións, da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e, con carácter complementario, o establecido no título III das infraccións e sancións da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Habilítase á persoa titular da consellería competente en materia de conservación da natureza para aprobar mediante orde, no ámbito das suas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Ditas ordes respectaran o establecido no título III da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

As presentes medidas de conservación e xestión terán unha vixencia de dez anos, sen prexuízo da posible actualización conforme ao estado da ciencia e da técnica, e sen prexuízo da aplicación das medidas de seguimento que correspondan.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dede 2018

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Alberto Núñez Feijóo

Presidente